



Nota informativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre a Convocatoria de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ven, dende o principio da extensión da Covid 19 monitorizando os prexuízos que a situación actual está a provocar nas universidades do SUG en distintos ámbitos. Este seguimento estase a facer en permanente coordinación e colaboración coas tres universidades do SUG.

No caso concreto da investigación, o modelo actual baséase nun financiamento estrutural. É dicir, é un modelo non intervencionista que deixa en mans dos investigadores cara a onde teñen que ir os seus esforzos. O financiamento estrutural é acorde co tipo de investigación que se realiza no SUG: unha investigación básica (salvo áreas concretas) que non resposta a inputs a curto prazo senón que cimenta a súa fortaleza nunha actividade estruturada, sostida e continuada no tempo

Un dos piares básicos da investigación universitario é o que desenvolven os grupos de investigación acollidos ao programa de *axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia*. Consolidar, estruturar e fortalecer as capacidades destes grupos é unha das accións mais relevante na que se incardinan as políticas da Consellería de Educación.

No caso concreto das axudas que se convocaron para o ano 2020, en fase de presentación de solicitudes, suspendéronse os prazos o 13 de marzo. O procedemento reabriuse mediante orde publicada no DOG con data 18 de maio de 2020, permitindo a presentación de solicitudes dende o 19 de maio ata o 25. Por este motivo a resolución desta convocatoria non será posible ata o mes de setembro tendo en conta os prazos legais que é preciso cumprir e a o complexo procedemento de avaliación externa das solicitudes que se presenten.

A esta situación hai que sumar aquelas problemáticas derivadas da dificultade de executar gasto en algunha das accións programadas pola suspensión de prazos durante o estado de alarma: contratación de persoal, adquisición de bens inventariables e outros.

Urxe pois, adoptar as medidas necesarias para, en coordinación coas universidades do SUG, establecer os mecanismos necesarios para corrixir a situación desta convocatoria e mellorar a súa eficacia, de acordo cos seguintes principios:





1.- Redistribuír as anualidades das axudas convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, para que as entidades beneficiarias, e os seus grupos máis relevantes, poidan acometer un gasto máis axustado e racional

Esta redistribución afecta unicamente ás modalidades A (Grupos de Referencia Competitiva) e B (Grupos con Potencial de Crecemento), non sendo de aplicación na modalidade C (Proxectos de Excelencia).

Os importes para os cálculos anuais de cada una das axudas quedarán como seguen:

- Na **modalidade A**, grupos de referencia competitiva (GRC)

As axudas terán unha duración máxima de catro anos. O importe total de cada unha das axudas virá determinado por unha contía estrutural máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación, e distribuírse por anualidades de acordo cos seguintes módulos:

1. Módulo estrutural anual: composto dun fixo de 25.000 € máis un variable máximo na anualidade de 2020 de 10.000 € e nas anualidades 2021, 2022 e 2023 de 30.000 €, tendo en conta os ingresos medios do grupo, co obxectivo de axustar o orzamento ás posibilidades reais de execución anuais en función do número de solicitudes avaliadas positivamente e dos recursos dispoñibles.

2. Módulo variable anual, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019, segundo os seguintes tramos:

Para a anualidade 2020:

Ingresos medios de 150.000 a 300.000 €: ata 14.000 € anuais.

Ingresos medios de 300.001 a 400.000 €: ata 21.000 € anuais.

Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 35.000 € anuais.

E para as anualidades 2020, 2021 e 2022:

Ingresos medios de 150.000 a 300.000 €: ata 22.000 € anuais.

Ingresos medios de 300.001 a 400.000 €: ata 33.000 € anuais.

Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 55.000 € anuais.





- Na **modalidade B** grupos con potencial de crecemento (GPC)

As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 14.000 € na primeira e de 38.000 € na segunda e terceira.

NOTA: Se vostede xa presentou a súa solicitude conforme a distribución orzamentaria prevista inicialmente, non ten que presentar unha solicitude de modificación. No caso de concesión da axuda, terase en conta a nova redistribución de créditos indicada.

2.- Complementariamente, modificar o prazo de xustificación na anualidade do 2020, para permitir unha mellor consecución dos obxectivos previstos nas axudas, nas seguintes ordes:

Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i,

Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

A modificación de prazos de xustificación aplicarase unicamente na anualidade do 2020. A tal fin, na anualidade de 2020, e para as universidades do SUG, establececese como data límite para a presentación da documentación xustificativa para o libramento dos fondos o 30 de novembro do 2020.

[Esta nota informativa abrangue unicamente as seguintes convocatorias:](#)

Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i,





Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

Para outros ámbitos e accións iranse publicando novos documentos unha vez se vaian desenvolvendo outro tipo de medidas.

Esta nota é meramente informativa, debéndose estar en todo caso ás resolucións que finalmente se aproben e publiquen pola Consellería.

